

2022/6003/60241

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA FENDETESTA DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2022/2023.

Á data da sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte,  Alcalde do Concello de Cambre, en nome e representación do Concello de acordo co disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido da secretaria xeral do Concello, dona  no exercicio da fe pública de acordo co disposto no artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Doutra, Dona  actuando como presidenta da Asociación de Nais e Pais Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, co CIF  con sede no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre.

Prevía manifestación da Sra.  la subsistencia do nomeamento para o cargo e das facultades das que fai uso, as partes participantes recoñécense mutuamente capacidade legal para o outorgamento deste convenio, e

EXPOÑEN:

1.- A Constitución Española, no seu artigo 27 establece o dereito á educación de todos os españois e recoñece a liberdade de ensinanza. Ademais, dispón que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana. No seu artigo 43.3 establece que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio.

Entre os fins do sistema educativo español, segundo a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, encontrease o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos e a adquisición de hábitos intelectuais así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. A Lei orgánica 8/1985, 3 de xullo, reguladora do dereito á Educación no seu artigo 5.2 b), estipula que as asociacións de pais de alumnos, asumirán, entre outras, a finalidade de colaborar coas actividades educativas dos centros.

No seu artigo 6.3, modificado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, recoñécese como dereito básico dos alumnos á formación integral dos mesmos que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

O Concello de Cambre ten atribuídas competencias na promoción do deporte e a cultura, conforme se estipula na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, e artigo 25 l) e m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción dada pola, Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

2.- O Concello de Cambre considera de gran importancia o desenvolvemento, con carácter continuado, dun programa de actividades extraescolares nos centros educativos para colaborar no proceso de formación integral dos escolares.

3.- A ANPA FENDETESTA do CEIP Wenceslao Fernández Flórez constitúese como unha entidade sen ánimo de lucro, con sede en Cambre, adicada a colaborar no ámbito educativo e en especial a completar no seu centro a formación cultural e deportiva a través da oferta de actividades extraescolares.

4.- O Concello de Cambre, dende hai anos, leva a cabo actividades extraescolares nos centros educativos de Cambre, de forma paralela ás ANPAs. Coa convivencia das dúas ofertas de actividades, duplicábanse actividades, aplicábanse prezos distintos para actividades similares e xurdían problemas na coordinación dos usos das instalacións municipais. Co fin de evitar estas incidencias, considerase conveniente presentar unha única oferta do Programa de actividades extraescolares por parte dunha soa entidade, as ANPAs dos diferentes CEIP, co respaldo económico do Concello de Cambre, para así favorecer a xestión e eficacia do mesmo. Por iso, o Concello de Cambre, a proposta da área de Educación, Xuventude e Deportes, asinou o 16 de outubro de 2008 o primeiro convenio de colaboración, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promovera a práctica das actividades extraescolares no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre organizadas pola ANPA do CEIP, en coordinación co Concello.

5.- Visto o bo resultado acadado nos pasados cursos escolares e a conveniencia de manter este sistema de xestión coordinada do programa de actividades extraescolares nos centros escolares de Cambre, este Concello considera necesario continuar coa sinatura deste convenio de colaboración.

6.- Considerando que no orzamento municipal para o exercicio 2022 consta unha subvención nominativa a favor da ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fdez. Flórez de Cambre, consignada na aplicación "326 48902".

7.- Tendo en conta que a entidade declara neste acto encontrarse ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Sobre a base do exposto, e en uso da súa capacidade, ambas partes acordan subscribir un convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: COMPROMISOS DA ANPA FENDETESTA DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Constitúe o obxecto subvencionado, o desenvolvemento e realización das actividades extraescolares do curso escolar 2022/2023, pola ANPA Fendetestas do CEIP Wenceslao Fernández Flórez fóra da xornada escolar. O desenvolvemento de ditas actividades extraescolares ha de realizarse coas características específicas que se definen na presente cláusula, debendo ser xustificado pola ANPA o seu cumprimento para a percepción das achegas

1º) Organizará, en coordinación co Concello de Cambre, un PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES asumindo os custos que deste se deriven, e coas seguintes directrices:

- As actividades desenvolveranse durante un mínimo de oito meses de duración, e cunha frecuencia semanal mínima por actividade de 1 hora.
- A oferta inicial de prazas nestas actividades deberá superar o 60% da poboación escolar do centro e deberá contar cun mínimo de dez actividades entre culturais e deportivas, sendo unha delas a de Natación na piscina da Barcala.

- Realizaranse un mínimo de dez actividades tendo que ser culturais e deportivas.
- O número mínimo de participantes para que unha actividade poida desenvolverse baixo este programa é de oito.
- Para a xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control, a ANPA deberá contar con persoal específico que asegure a eficacia e calidade da xestión das actividades.
- Para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario.
- A contratación dos monitores deberá efectuarse seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co Concello de Cambre. Os mesmos deberán contar coa titulación adecuada á actividade a desenvolver.
- Levará ao Consello Escolar do centro o plan de actividades extraescolares, no que se deberá aprobar a súa realización e a admisión, no seu caso, de alumnado doutros centros escolares e das escolas de educación infantil adscritas a este centro escolar.

2º) A ANPA FENDETESTA DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ organizará en coordinación co Concello de Cambre o transporte das actividades extraescolares cun máximo de cinco días á semana. Para isto, deberá haber como mínimo 10 usuarios do transporte (con paradas no municipio de Cambre). Se non se mantivera este número mínimo de usuarios do transporte poderase cancelar o dito servizo.

Ambas entidades vixiarán o cumprimento por parte do transportista dos requisitos de seguridade establecidos no RD 443/2001, do 27 de abril sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores e demais normativa en vigor.

3º) O prezo que se fixe para as actividades extraescolares non poderá ser superior a 13,00 euros por actividade ao mes (supoñendo unha actividade dunha hora e cuarto semanal), salvo o de Natación que será o importe vixente aprobado no pleno municipal de Cambre. Sobre dito prezo deberán aplicarse polo menos as seguintes reducións, sen prexuízo de que a ANPA estableza outras:

- 1.- Redución do 50% da cota para escolares pertencentes a familias numerosas.
- 2.- Redución do 100% da cota dunha actividade como máximo por alumno, para aqueles casos de escolares nos que se acredite a falta de capacidade económica, mediante informe emitido polos Servizos Sociais do concello de Cambre. Este informe será solicitado polo usuario na área de Servizos Sociais e esta o remitirá ao departamento de Educación. Será este último quen comunicará á ANPA a procedencia ou non de dita redución.

4º) Garantirá a participación dos seus equipos nas actividades que se axusten ao Programa do Deporte Escolar (Xunta de Galicia) ou competicións federadas, asumindo todos os custes derivados da participación nas mesmas. A ANPA participará nos eventos e actos públicos que lle demande o concello de Cambre, tales como a Gala do Patinaxe, de Ximnasia Rítmica e outros actos culturais e deportivos.

5º) En tódolos documentos informativos que se editen, así como nos actos culturais, competicións, entrevistas, roldas de prensa nas que participen os escolares, técnicos e directivos da ANPA en relación ao programa de actividades extraescolares, deberá facerse mención a que as actividades están financiadas polo concello de Cambre.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

6º) A ANPA FENDETESTA DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ queda obrigada a realizar un seguro de responsabilidade civil para a cobertura das actividades que se realicen ao abeiro deste convenio de ata 300.000,00 euros, manténdoo vixente durante toda a duración deste, así como o seguro de accidentes de todos os escolares inscritos nas súas actividades.

7º) A ANPA FENDETESTA DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ deberá someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello consideren oportuno realizar, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como do destino dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

8º) **Conta xustificativa:** A ANPA presentará a Conta xustificativa da realización do programa de actividades extraescolares e demais obrigas asumidas con este convenio e da aplicación dos fondos percibidos da seguinte forma:

8.1) Logo da sinatura do convenio, e en todo caso no prazo de cinco días a contar dende a data da dita sinatura:

- Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto debidamente estampilladas, correspondentes ao gasto realizado, que respondan á natureza da actividade subvencionada, por importe mínimo de 28.820,00 euros acompañado de certificado de gastos asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade que conterà a relación clasificada de facturas presentadas, con identificación do acreedor e documento, importe e data de emisión, concepto detallado e data de pago, tal e como se transcribe a seguir:

“«DON/A, SECRETARIO/A DA ANPA”,

CERTIFICA:

Que a totalidade dos gastos realizados para a execución das actividades extraescolares no centro, no curso 2022/2023, obxecto do convenio, son os que se relacionan a continuación:

GASTOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA

CLASIFICADO POR CONCEPTOS (COORDINACION, MATERIAL DE OFICINA E ACTIVIDADES,...)

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE TRANSPORTE

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES

CLASIFICADO POR CONCEPTOS

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE REALIZACION POR ASISTENCIA A ACTOS E COMPETICIONS COMO COMPLEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E CELEBRACION DO FIN DAS ACTIVIDADES

CLASIFICADO POR CONCEPTOS

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

						GASTO TOTAL	GASTO TOTAL IMPUTABLE		
--	--	--	--	--	--	-------------	-----------------------	--	--

E para que conste e produza os oportunos efectos ante o concello de Cambre para os efectos de xustificar a subvención concedida, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do presidente/a da ANPA. Cambre, de 2023.

Visto e Praxe

Dou fe

O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo.:

Asdo.:"

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

- Programa das actividades que efectivamente se realizan (actividade, día e hora, e lugar de realización).
- Listaxe e número de participantes por cada actividade e de usuarios do transporte e días de uso do transporte e importe de cada unha das actividades e reducións.



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

- Documento que acredite que no Consello Escolar do centro se aprobou a realización do programa nese centro; que a ANPA conta con persoal para levar a cabo a xestión das súas actividades que a contratación dos monitores efectúase seguindo as disposicións legais vixentes en materia laboral e da seguridade social, non tendo vinculación ningunha co concello de Cambre e teñen a titulación adecuada á actividade que van impartir e que para o desenvolvemento das actividades achegará o material funxible necesario (e non de inversión).
- Carteis, trípticos, dípticos ou outra documentación da promoción das actividades amosar onde se fai constancia a que as actividades están financiadas polo Concello de Cambre.
- Copia de pólizas de seguros en vigor, que esixe o convenio.
- Certificado do Presidente coa firma do secretario indicativo de que "a entidade non se encontra incursa en ningunha das situacións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro doutras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumprimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión."

8.2) Unha vez rematado o Programa de Actividades extraescolares 2022/2023 e antes do 30 de novembro de 2023, presentará a seguinte documentación:

- Conta Xustificativa Resumo, a cal so tera validez se presenta a totalidade da "documentación xustificativa" que se establece no presente epígrafe 8º), tal e como se transcribe a seguir:

" DECLARACION RESPONSABLE

D/Dª con NIF en calidade de representante da ANPA

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1º- REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E CUSTE DA MESMA:

- Que o obxecto subvencionado "desenvolvemento de actividades extraescolares no centro no curso escolar 2022/2023", foi realizado segundo os termos establecidos no convenio de colaboración asinado co concello de Cambre.
- Que a subvención outorgada foi destinada aos fins para os que foi concedida.
- Que o custe total da actividade obxecto de subvención ascendeu a euros.
- Que sendo o orzamento mínimo que se ha de xustificar de 33.466,67 euros, xustifícase a execución do % do mesmo.

2º- PROCEDENCIA DOS FONDOS DESTINADOS A FINANCIAR O PROXECTO SUBVENCIONADO:

Que a totalidade dos gastos anteriormente declarados foron financiados, ademais de coa subvención nominativa municipal, con fondos da seguinte procedencia:

- a) Fondos propios:.....
Importe.....
Importe.....
- b) Subvención da Xunta de Galicia.....
Importe.....
Importe.....
- c) Subvención da Deputación provincial da Coruña.....
Importe.....
Importe.....
- d) Subvencións doutros Organismos públicos ou privados.....
Importe.....
Importe.....
- e) Outros recursos:.....
Importe.....
Importe.....

3º.- RESUMO DAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS ECONÓMICAS RECIBIDAS (MÁRQUESE O QUE PROCEDA):

- ☐ Que NON obtivo ningúnha outra subvención ou axuda económica para a actividade subvencionada.
- ☐ Que SI obtivo outra subvención ou axuda económica para a mesma actividade e que a suma das axudas referidas no apartado segundo non supera o 100 por 100 do custe da actividade subvencionada.

En, a..... de..... de.....

Asdo.-:"

- Memoria da ANPA, correspondente co curso escolar 2022/2023, das actividades xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención, que deberá incluír como mínimo unha descrición detallada de todos os aspectos relativos á organización das actividades, programación, horarios, tarifa por actividade, listaxe de alumnos, variación do número de alumnos ao longo do ano nas actividades, itinerarios do transporte, actos e competicións desenvolvidos.
- Certificado de ingresos percibidos para o mesmo obxecto, emitido polo secretario/a da ANPA, e debidamente asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade no que se detallen as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, no curso 2022/2023.

Así mesmo, deberán xustificar o importe total dos ingresos obtidos dos usuarios das actividades.

Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas

- Certificado de gastos debidamente asinado polo/a presidente/a e secretario/a da entidade que conterá a relación clasificada completa de todos os gastos da actividade do curso 2022/2023, con identificación do acredor e documento, concepto detallado, importe e data de emisión, tal e como se transcribe a seguir:

“«DON/A, SECRETARIO/A DA ANPA»

CERTIFICA:

Que a totalidade dos gastos realizados para a execución das actividades extraescolares no centro, no curso 2022/2023, obxecto do convenio, son os que se relacionan a continuación:

GASTOS DE XESTIÓN DO PROGRAMA

CLASIFICADO POR CONCEPTOS (COORDINACION, MATERIAL DE OFICINA E ACTIVIDADES,...)

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE TRANSPORTE

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES

CLASIFICADO POR CONCEPTOS

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		

GASTOS DE REALIZACION POR ASISTENCIA A ACTOS E COMPETICIONS COMO COMPLEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E CELEBRACION DO FIN DAS ACTIVIDADES

CLASIFICADO POR CONCEPTOS

TIPO DE DOCUMENTO	NUM. DE DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	NOME/ DENOMINACION SOCIAL	NIF/CIF	CONCEPTO DETALLADO	IMPORTE BRUTO	IMPORTE IMPUTADO	DATA DE PAGO	FORMA DE PAGO
						TOTAL	TOTAL		



CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

						TOTAL	TOTAL		

						GASTO TOTAL	GASTO TOTAL IMPUTABLE		
--	--	--	--	--	--	-------------	-----------------------	--	--

E para que conste e produza os oportunos efectos ante o concello de Cambre para os efectos de xustificar a subvención concedida, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do presidente/a da ANPA. Cambre, de 2023.

Visto e Praxe

Dou fe

O/A presidente/a

O/A secretario/a

Asdo.:

Asdo.:"

A entidade deberá contar cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade obxecto de financiamento no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada e, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao Concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingreso de dereito público.

- Orixinais de facturas e documentos válidos para acreditar o gasto, correspondentes ao gasto realizado, debidamente estampilladas, que respondan á natureza da actividade subvencionada, de forma que xunto coas presentadas con anterioridade ascendan a un importe mínimo de 33.466,67 euros, tendo en conta que o coeficiente de financiamento establecido no presente convenio é do 0,9. No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas para o mesmo obxecto.

Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 33.466,67 euros, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpríu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustificado.

As facturas presentadas deberan incluír os datos fiscais completos e correctos da ANPA. Deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos nin tampouco aquelas que non se correspondan con gastos efectuados no período de vixencia do convenio.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20 % do importe adxudicado (6.024,00 euros). Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos a través de xustificante bancario, o cal será obrigatorio, unha vez aboada a subvención, se así lle fora requirido.

- Dado que as actividades obxecto do convenio implican o contacto habitual con menores, a entidade deberá comprobar que as persoas ou persoal ao seu cargo non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de axuízamento civil), presentando declaración do/a presidente/a da entidade do cumprimento de dita obriga.
- Certificado do Presidente coa firma do secretario indicativo de que "a entidade non se encontra incurso en ningunha das situacións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, facendo constar, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas de reintegro doutras subvencións ou axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións (aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), non encontrándose suxeita a orde de recuperación pendente, sobre calquera subvención que lle tivera sido outorgada con anterioridade, por calquera tipo de incumplimento de obrigas que lle foran establecidas na concesión."

8.3) Unha vez rematado o Programa de Actividades extraescolares 2022/2023 e antes do 30 de novembro de 2023, presentará:

- Memoria anual da xestión económica da ANPA correspondente co curso escolar 2022/2023, aprobada pola entidade.

Rematados os prazos sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Educación requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional levará consigo a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións, incluída a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

8.4) Acreditará ante este Concello o destino dos fondos recibidos no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao pagamento do importe da subvención, mediante a presentación de:

- Certificado asinado polo/a presidente/a e tesoureiro/a da entidade que conteña a relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do documento e acredor, importe, data de emisión, así como a data e medio de pago.

Os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía (ata 150,00 euros), que poderán realizarse en efectivo, sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago e o gasto total xustificado non supere o 20 % do importe adxudicado (6.024,00 euros).

Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos.

O certificado deberá acreditar o pago de facturas por un importe mínimo do orzamento que se ha de xustificar, e debe referirse a facturas e xustificantes de gasto válidos contidos na conta xustificativa presentada.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos que esixan o pagamento a través de entidade financeira, o certificado deberá acreditar o pago de facturas cando menos, da suma das cantidades percibidas. Para a comprobación desta condición deberá achegar as bases da convocatoria ou o convenio asinado.

- Acreditación da data de ingreso da subvención municipal.

Rematados os prazos sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Educación requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de acreditación no prazo establecido ou en forma non adecuada segundo o disposto no presente convenio, conllevará que o dito gasto se considere como non válido para efectos de xustificación da subvención e dará lugar a obriga de reintegro do importe da subvención previamente percibido.

SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

1º) Este Concello comprométese a aportar para o financiamento do Programa de actividades extraescolares correspondente ao curso 2022/2023 da ANPA FENDETESTA, a cantidade de trinta mil cento vinte euros (30.120,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria denominada "2023 326 48902 Convenio ANPA CEIP W. Fdez Flórez", polos importes e para os conceptos seguintes:

Unha cantidade máxima de 24.570,00 euros desglosados da seguinte forma:

o Unha cantidade máxima de 9.000,00 euros, a razón de 900,00 euros polo número máximo de actividades esixidas neste convenio (10) destinada a subvencionar os gastos propios da xestión do programa de actividades extraescolares: organización, posta en marcha, seguimento e control do programa das actividades extraescolares (nos que se inclúen o de material para oficina e de actividades).

o Unha cantidade fixa de 15.570,00 euros, se adicarán a sufragar os gastos do servizo de transporte das actividades extraescolares.

Unha cantidade máxima de 4.250,00 euros a razón de 425,00 euros polo mínimo de actividades realizadas esixido neste convenio (10 actividades).

Unha cantidade máxima de 1.300,00 euros, por asistencia a actos e competicións como complemento destas actividades (deporte escolar, federado, actos culturais, exhibicións...) e celebración do fin de actividades extraescolares.

A achega farase efectiva da seguinte forma:

- Unha primeira achega de 28.820,00 euros logo da sinatura do presente convenio a proposta da Concellería de Educación, logo da presentación da documentación que figura no apartado 8.1).
- Unha segunda achega de 1.300,00 euros, logo da presentación da documentación que figura no apartado 8.2) e 8.3).

As achegas quedan condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento de 2024 e á realización efectiva de todas as actividades previstas, de forma que se durante o período de vixencia do convenio, se se reducise de forma significativa a actividade, se revisaría a contía da contribución por actividade, iniciándose no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal, e iniciárase, no seu caso procedemento de reintegro do indebidamente percibido. Como tamén se verían reducidos se a suma da achega municipal e os ingresos percibidos procedentes das cotas de actividades fosen superiores aos gastos validamente xustificadas.

O Concello facilitará á ANPA o uso dos equipamentos e infraestruturas deportivas municipais necesarias para o desenvolvemento das actividades/competicións incluídas neste convenio, logo da súa solicitude e por tempo determinado.

Coordinará a utilización das instalacións deportivas municipais e fixará os días e os horarios para a súa utilización.

TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS

Establecese a obriga por parte da ANPA FENDETESTA, de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia que comprende o curso escolar 2022/2023, dende setembro de 2022 ata agosto de 2023, quedando as achegas condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste, no exercicio de 2024.

QUINTA: MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

De mutuo acordo poderanse introducir modificacións no convenio e denuncialo por calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses antes da finalización do curso escolar 2022/2023.

SEXTA: OUTRAS DISPOSICIONS

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento municipal, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

SÉTIMA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade co contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata a súa finalización.

OITAVA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público, en virtude do disposto no artigo 6.2 do citado corpo legal, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas e lagunas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo artigo 4 da Lei.

Porén este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdicción contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

NOVENA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integramente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifican todo o exposto, asinando mediante sinatura electrónica recoñecida, acreditativa da integridade do documento asinado así como da data e hora da sinatura.

O alcalde

A presidenta da ANPA

A secretaria xeral

FECHA: 01/12/2023 11:47:00

FECHA: 01/12/2023 10:42:00

FIRMADO POR

Version imprimible

CVD: Eju4ueD7yUQSt0Pc9c3S
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.